

Anexo Temperatura. Valoración resultados

Anexo Temperatura. Valoración resultados

Valoración de resultados da temperatura corporal .

- A temperatura rectal é 0,3°C - 0,6°C máis alta que a temperatura oral.
- A temperatura no oído é 0,3°C - 0,6°C máis alta que a temperatura oral.
- A temperatura axilar é a maioría das veces 0,3°C - 0,6°C máis baixa que a temperatura oral.
- A temperatura na fronte é a maioría das veces 0,3°C - 0,6°C máis baixa que a temperatura oral.

Outros factores que tomar en conta son:

- Polo xeral, a temperatura rectal é a más exacta en nenos pequenos.
- Os termómetros de tiras plásticas toman a temperatura da pel, non a temperatura corporal. Non se recomandan para uso caseiro xeral.

TEMPERATURA

Grupo	Idade	Grados cen grados
Neonato	Nacemento á 6 semanas	38
Infante	7 semanas- 1 ano	37,5 a 37,8
Lactante maior	1-2 anos	37,5 a 37,8
Preescolar	2-6 anos	37,5 a 37,8
Escolar	6-13 anos	37 a 37,5
Adolescente	13-16 anos	37
Adulto	16 anos e mais	36,2 a 37,2

Valoración da temperatura

36°C: temperatura normal do corpo; esta pode oscilar entre 35,5 e 37°C

37 °C (febrícula): temperatura superior a 37°C pero inferior a 38°C, durante 24 horas.

38°C (febre): preséntase suor acompañada de rubor, taquicardias e dispnea. Pode xurdir esgotamento.

39°C (febre moderada): a sensación de calor e a debilidade aumentan. Os epilépticos e os nenos poden sufrir convulsións chegados a este punto.

40°C (urxencia): mareos, vertixes, debilidade, deshidratación, náuseas, vómitos, cefalea e suor profunda.

41°C: todo o anterior máis acentuado; tamén pode existir confusión, alucinacións, delirios e somnolencia.

42°C: ademais do anterior, o suxeito pode ter palidez ou rubor. Pode chegar ao coma, con hipertensión ou hipotensión e unha gran taquicardia.

43°C: normalmente aquí acontece a morte ou deixa como secuelas diversos danos cerebrais, acompañase de convulsións continuas, shock.

Hipotermia e graos.

Hipotermia é o descenso involuntario da temperatura corporal por debaixo de 35°C medida con termómetro no recto ou no esófago. Se a temperatura ambiental é moi baixa, a temperatura corporal descende bruscamente, unha caída de só 2°C pode entorpecer a fala e o afectado comeza a amodorrarse. Se a temperatura descende aínda máis, o afectado pode perder a consciencia e incluso morrer.

Considérase hipotermia leve cando a temperatura corporal se sitúa entre 33°C e 35°C e vai acompañada de tremores, confusión mental, torpeza de movementos e corpo tremente.

Entre 30°C e 33°C considérase hipotermia moderada e aos síntomas anteriores súmanse desorientación, estado de semiconsciencia e perda de memoria.

Por debaixo dos 30°C trátase dunha hipotermia grave e comporta perda da consciencia, dilatación de pupilas, baixada da tensión e latidos cardíacos moi débiles e case indetectables.